

BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO EN CAMBRE 2024

A finalidade deste concurso é estimular e fomentar a participación veciñal nunha festa popular e tradicional como o Entroido, que se celebrará en Cambre, o sábado 17 de febreiro de 2024.

1. MODALIDADE DE DISFRACES

- 1.1. Nesta modalidade hai dúas categorías: infantil (menos de 12 anos) e xeral (a partir de 12 anos), na que se poderá concursar de forma individual ou en grupo. No caso dos grupos, para participar nunha categoría ou noutra, terase en conta a idade da maioría das persoas participantes.
- 1.2. No escenario e ante o xurado poderán realizar un pequeno espectáculo (interpretación musical, coreográfica, escenificación...) cunha duración máxima de 3 minutos.
- 1.3. Non se permitirá subir ao escenario aqueles complementos dos disfraces que superen un metro cadrado.

2. MODALIDADE DE COMPARSAS

- 2.1. Poderán participar as comparsas previamente inscritas, compostas por un mínimo de seis persoas con disfraces que teñan relación entre si, e que participen no desfile ata o Campo da Feira. No escenario e ante o xurado poderán realizar un pequeno espectáculo (interpretación musical, coreográfica, escenificación...) de 3 a 4 minutos. A música de acompañamento, de ser o caso, debe ser facilitada á organización en formato mp3, ben achegándoa xunto coa inscrición ou ben enviándoa ao enderezo de correo cultura@cambre.org (neste caso deberá de utilizarse a mesma conta de correo que conste na solicitude e indicar no asunto o número de inscrición no rexistro municipal e/ou o nome artístico).
- 2.2. As comparsas do municipio terán unha gratificación individual por participar por un importe de 100,00 euros, sempre que o número delas non supere o total de 5. No suposto de que se supere, repartiríase proporcionalmente a cantidade total presupostada entre elas. Considérase comparsa do municipio a composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

3. MODALIDADE DE CARROZAS

- 3.1. Poderán participar todas as carrozas compostas por seis ou máis compoñentes, inscritas previamente, presentes no punto de saída e que participen no desfile ata o Campo da Feira.
- 3.2. Enténdese como carroza calquera estrutura remolcada por vehículo motorizado ou construída sobre el, cunha decoración especial e cunha elaboración debidamente coidada, cun mínimo de 2 rodas e con capacidade mínima para 4 persoas, e sempre que o xurado a cualifique coma tal. A altura máxima será de 4,20 m. No caso de que se supere a altura os elementos deben ser desmontables.
- 3.3. As carrozas asistentes do municipio terán unha gratificación individual por participar por importe de 300 euros. No suposto de que o número destas supere o total de 15, repartiríase proporcionalmente a cantidade total prevista entre elas. Para que unha carroza sexa considerada do municipio, deberá estar composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.
- 3.4. Aqueles participantes na modalidade de carroza con dereito a gratificación que tamén se presenten como comparsa, só poderán percibir a gratificación para carrozas.

4. INSCRICIÓN

4.1. INSCRICIÓN

A inscrición dos disfraces, comparsas e carrozas formalizarase mediante a presentación da solicitude que corresponda, en calquera das oficinas de Rexistro Municipais ou na sede electrónica (sede.cambre.es), sen prexuízo do disposto no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Para estes efectos, a data de inscrición a considerar será a de entrada no Rexistro do Concello de Cambre.

Cada ficha de inscrición debe ser presentada de xeito individual. É dicir, cada asento no rexistro corresponderá única e exclusivamente a unha solicitude de participación. Consideraranse inválidos os asentos no rexistro que conteñan máis dunha solicitude de inscrición.

4.2. PERÍODO DE INSCRICIÓN

O período de inscrición comezará ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria no *Boletín oficial da provincia* e rematará o 14 de febreiro de 2024.

5. PREMIOS

5.1. A dotación total da presente convocatoria é de 7.100,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 338 48100 Becas e premios festexos populares.

5.2. Os premios a outorgar serán os seguintes:

PREMIOS				
Disfraces			Comparsas	Carrozas
	Infantil	Xeral		
1º	150 euros	150 euros	300 euros	500 euros
2º	-	-	200 euros	400 euros
3º	-	-	-	250 euros
4º	-	-	-	150 euros

5.3. O xurado poderá declarar deserto calquera deles.

5.4. No mesmo acto e publicamente darase a coñecer a decisión do xurado e entregarase un xustificante do premio.

6. PAGO DOS PREMIOS

6.1. O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

6.2. Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a presentación no rexistro de entrada da seguinte documentación:

- Ficha do formulario de datos fiscais debidamente cumprimentada.
- Fotocopia do NIF do premiado, ou do seu representante legal, no seu caso, e a de dous representantes no suposto de grupo.

- c. No caso das asociacións deberán aportar o CIF e certificado do núm. IBAN da conta bancaria da propia asociación.
- d. Nos demais casos, certificado da conta bancaria asociada ao premio/gratificación, na que conste o titular da conta, ben do premiado, do seu representante legal ou dun dos dous representantes no suposto de grupo.

6.3. A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

6.4. A data límite para entregar a documentación é o 31 de marzo de 2024. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.

6.5. Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

7. ASPECTOS XERAIS

7.1. Os participantes concentraranse entre as 15:50 e 16:15 h do 17 de febreiro diante da Casa do Concello, onde recibiran indicacións por parte do persoal da organización.

7.2. A organización establecerá a orde no desfile e a orde de actuación, no caso das comparsas e disfraces. As carrozas serán ubicadas no Campo da Feira e nas súas inmediacións durante a celebración da festa. As decisións tomaranse atendendo a criterios de seguridade.

7.3. No desfile deberán participar todas as persoas inscritas. Os menores de 10 anos poderán acortar o percorrido do desfile, segundo as indicacións da organización,

7.4. A organización poderá descualificar aquelas propostas que se consideren vexatorias, especialmente para as minorías étnicas, as persoas con discapacidade, etc.

7.5. Non se autoriza a participación de animais como acompañantes.

8. XURADO

8.1. O xurado estará composto por tres persoas invitadas e de recoñecido prestixio, alleas á organización dos actos, presidido polo concelleiro da Área de Cultura ou pola persoa na que delegue, con voz pero sen voto, e actuará como secretario/a un/unha funcionario/a do Concello. A designación do xurado realizarase previamente ao desenvolvemento do concurso por resolución de alcaldía ou do concelleiro delegado competente.

8.2. A participación no concurso do Entroido en Cambre 2024 implica o coñecemento e aceptación destas bases. Calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización ou o xurado, segundo corresponda, sendo a súa decisión inapelable.

9. CRITERIOS DO XURADO

9.1. O xurado valorará os seguintes aspectos:

- a. A orixinalidade, estética, artes, vestiario, caracterización, creatividade e traballo na elaboración dos disfraces, comparsas e carrozas (máx. 4 puntos)

- b. A utilización de materiais de refugallo (máx. 4 puntos)
- c. A inspiración en fontes culturais (escritores, pintores, científicos...) para a temática das carrozas, comparsas e disfraces (máx. 4 puntos)
- d. A posta en escena, animación musical, a capacidade de interacción co público e a mobilización das masas, a sátira e a crítica social (máx. 4 puntos)
- e. A conservación do *Entroido tradicional* (máx. 2 puntos)
- f. O uso do galego, tanto oral como escrito (máx. 2 puntos)

9.2. As persoas compoñentes do xurado valorarán o cumprimento dos aspectos indicados no punto anterior e outorgarán entre 0 e 4 puntos segundo o cumprimento sexa baixo (0 punto), moderado (1 puntos), alto (2 puntos) ou moi alto (4 puntos). No caso dos apartados e) e f) unicamente cualificará utilizando os tres primeiros baremos (baixo, moderado e alto).

A puntuación total será a suma da obtida en cada apartado.

As propostas que non acaden unha puntuación total mínima de 8 puntos non poderán optar aos premios. Finalizada a valoración, redactarase unha acta na que quedará reflectida as valoracións do xurado.

9.3. O xurado poderá non valorar propostas semellantes ás recreacións históricas celebradas no municipio.

9.4. O xurado outorgará un só premio por agrupación, aínda que participen en varias modalidades.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes bases están condicionadas á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución de concesión. Tódolos actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que ao ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos estes actos.

Aprobación inicial das bases polo Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día vinte e oito de decembro de dous mil vinte e tres.